







































































































































## CONCLUSIÓNS

A Nave das Ideas promoveu este interesante debate sobre os medios de comunicación no noso país nun momento en que calquera iniciativa que reflexione sobre os modelos de información é moi ben acollida pola sociedade.

Así mesmo creo que o debate debe traer consigo unhas conclusións. Un texto que explica de xeito breve e claro o que A Nave das Ideas concluiu logo deste debate que se estendeu na charla organizada o 25 de marzo, e máis as interesantes opinións que foron aparecendo no blog ([anavedasideas.blogaliza.org](http://anavedasideas.blogaliza.org))

-Hai necesidade por parte dalgúns sectores da sociedade galega dun gran medio nacional con capacidade de

crear unha axenda informativa propia que condicione o debate político e social. Non está tan claro que o gran

público demande realmente este medio.

-Cómpre abandonar o sectarismo e apostar pola creación de terreos de confluencia daqueles sectores sociais

que demandan un medio de comunicación novo.

-Semella interesante dar importancia á información local e comarcal como xeito de chegar ao gran público

cun medio alternativo.

-Un novo medio non ten por que rexeitar os cartos públicos sempre que o acceso a estes non hipoteque a

independencia do mesmo e sen que isto impida que procure no máximo posible a arelada autofinanciación.

-Un medio de comunicación novo debería apostar pola profesionalización e a viabilidade económica como

camiño para evitar a precariedade característica do sector xornalístico e, polo tanto, a falta de independencia.

Así mesmo, este é un elemento imprescindible para poder desenvolver o necesario xornalismo de

investigación.

-Cómpre a toma de consciencia da importancia do compromiso individual de todos os cidadáns e cidadás

para que un medio alternativo aos existentes poida durar no tempo.

Vigo, primavera de 2011